

Xan Arias-Andreu Rodríguez

VIAXEIROS POR GALICIA



Editorial Trifolium
Fume de Leña

A ANNETTE MEAKIN DÓELLE O ESQUECEMENTO DE GALICIA

En 1909 a editorial londiniense Methuen publicou un delicioso libro de viaxes baixo o título *Galicia. The Switzerland of Spain –Galicia. A Suíza Española–*, do que é autora Annette M. B. Meakin, viaxeira británica por Galicia, pois, nos primeiros anos do século vinte.

Trátase dun traballo de moito dato polo miúdo, estruturado en vinte e sete capítulos e con abondosas ilustracións a través das súas case catrocentas páxinas, onde a súa ilustrada autora amosa un moi eficaz espírito analítico e metódico.

De maneira certa, en 1994 a Editorial Tambre traduciu e publicou en galego tan valiosa obra, titulándoa *Galicia Inédita. Diario de Viaxe de Annette Meakin*.

Unha viaxe por Galicia que Meakin comezou no intre en que o transatlántico de 11.000 toneladas que a transportaba, o «König Fredich August», con axuda dun vapor auxiliar arribaba ao porto da Coruña procedente de Southampton...

Logo de solucionar os inevitábeis problemas que a moitos viaxeiros se lles presentan na aduana coruñesa, e de escorrentar a multitude de mendigos no traxecto cara ao Hotel de Francia, puido Annette Meakin captar certo aire oriental na cidade... “Os homes –escribe–vadíán polas rúas levando a auga en peellos, o mesmo que fan en Oriente”, ao tempo

que montan as súas cabalarías sobre “selas mouras, que se usan en España dende que os mouros as introduciron...” Outra característica salienta polo feito de que é “un lugar de veraneo moi frecuentado, como ben se pode comprobar polas casas que pertencen os ricos que veñen de Madrid e doutras grandes cidades”. Estas persoas no verán entretéñense “cos paseos en burro polo campo, coas deliciosas excursións polos vales poboados de arboredos, e os pintorescos miradoiros que rodean a cidade por todos os lados, agás onde o mar baña a costa”.

En Galicia, cre Meakin, “o punto central de interese tanto arqueolóxico como arquitectónico é, sen dúbida, a fermosa Catedral de Santiago...” Ten sona no mundo enteiro pola espléndida beleza da súa escultura, mais “non só polas súas estatuas, senón tamén pola súa ornamentación en xeral”, que moi ben leva “enteiramente soa e sen rival”. E observa a viaxeira que “na súa cara oeste, agochado tras a fachada churruigueresca, está o pórtico esculpido máis marabilloso que o ollo humano poida contemplar...”

Padrón e Noia, Pontevedra e Vigo, Tui e Ourense, Lugo, Betanzos e Ferrol, amais dos grandes mosteiros galegos foron tamén lugares visitados por esta insigne viaxeira británica, que non pode rematar o seu libro sen, polo menos, un emocionado “Deica logo, Galicia!”... Galicia, unha terra “onde o ferrocarril precedeu ás estradas, e onde os automóviles chegaron antes que os trens...”. Terra onde “os labregos están oprimidos polo mal goberno, pola usura e pola súa propia ignorancia... Terra onde “se permite que os gloriosos monumentos da arquitectura medieval se encontren nun estado de completo e triste abandono... Terra, en fin, que, pola “excepcional riqueza do seu solo e a súa vizosa vexetación poderían converter no Xardín de Europa...”

“Isto todo, e máis, es ti”, Galicia, exclama Annette M.B. Meakin, á vez que se laia: “Porén, non só es practicamente

descoñecida para o resto do mundo, senón que até a mesma España se esqueceu da túa existencia, aínda que sexa o lugar que lle proporcionou as súas máis sagradas tradicións, a súa poesía, os seus trobadores, o seu Santo Patrón...”